



## **APE GALICIA – NOVAS**

- ✓ O PRESIDENTE DE APE GALICIA, REÚNESE CO DX DE COMERCIO, MANUEL HEREDIA
- ✓ REUNIÓN DA MESA DO EMPREGO AUTÓNOMO
- ✓ ACTO DE PRESENTACION DA EGAES H27
- ✓ PRESENTACIÓN DO PROGRAMA LIDERAMOS

## **INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS**

- ✓ PUBLICACIÓN DO PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO E COTA CERO-2024
- ✓ CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS PARA ATENCIÓN SOCIAL INTEGRAL A PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXPLOTACIÓN SEXUAL
- ✓ O IGAPE ABRE A CONVOCATORIA PARA SOLICITAR PRÉSTAMOS DIRECTOS PARA O FINANCIAMENTO EMPRESARIAL EN GALICIA
- ✓ 2ª CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ACCÍONS FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN EN UNIDADES FORMATIVAS DE EMPRESAS DE CARA AO EXERCICIO 2024
- ✓ CONVOCATORIA DE AXUDAS Á APICULTURA

- ✓ CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS DE DISEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS PERSONALIZADOS E ACCIONES ESPECÍFICAS QUE FAVOREZAN A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
- ✓ PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS DE ALOXAMENTO E RESTAURACIÓN
- ✓ SUBVENCIONES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL PARA O EXERCICIO 2024
- ✓ PLAN GALICIA EMPREGA: INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN E A FORMACION 2024
- ✓ PROGRAMA BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS: PUBLICADA A CONVOCATORIA DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS PARA IMPULSAR E MELLORAR A COMPETITIVIDADE DA SÚA ACTIVIDADE EMPRESARIAL
- ✓ PROGRAMA NOVA OPORTUNIDADE 2024
- ✓ CONVOCADAS AS AXUDAS Á CONCILIACIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS
- ✓ BONO INNOVACIÓN PARA PEMES
- ✓ BONO CONSOLIDA DIRIXIDO A ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL

### **OUTRAS NOVAS**

- ✓ VIII PREMIOS EXECUTIVAS DE GALICIA
- ✓ PREMIOS CIDADE DE PONTEVEDRA
- ✓ APE GALICIA EN FITUR\_2024

## APE GALICIA - NOVAS

### ❖ REUNIÓN DO PRESIDENTE DE APE GALICIA CON EL DIRECTOR XERAL DE COMERCIO

O ano 2024 comezaba coa reunión do presidente de APE Galicia e o Director Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, Manuel Heredia, co fin de continuar traballando en beneficio do sector do comercio e coa intención de poñer en marcha proxectos de cara a modernización e a mellora na competitividade destes establecementos.

### ❖ REUNIÓN DA MESA DO EMPREGO AUTÓNOMO

O día 23 de xaneiro APE Galicia foi convocada a unha nova reunión da Mesa do Emprego autónomo na que participaron a secretaria xeral e o presidente de APE Galicia.

Durante a reunión abordáronse diversos temas relativos ao estado das axudas dirixidas ao colectivo autónomo co fin de seguir traballando en novas medidas e axudas que favorezan ao colectivo.

Deste xeito APE Galicia continua coa súa colaboración nesta mesa de traballo creada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e aportando a súa experiencia e traballando en beneficio do colectivo autónomo ao que a entidade representa e tratando de acadar propostas para impulsar a creación de

empresas e iniciativas de traballo por conta propia.

### ❖ VISITA A FITUR 2024

O pasado 24 de xaneiro o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, en representación da entidade trasladouse a Madrid para visitar a *Feria Internacional del Turismo-FITUR 2024* onde puido comprobar de primeira man a oferta turística da nosa comunidade autónoma e a importancia que o sector turístico ten hoxe en día.



A visita do presidente de APE Galicia coincidía co Día de Galicia na feira e aproveitou para participar nas presentacións dos diferentes concellos de Galicia así como para visitar distintos espazos no pabellón no que se exhibían todas as posibilidades que a nosa rexión ten e que hai que amosar ao mundo.

Durante a visita recalou no espacio habilitado para amosar a labor das redeiras e artesanía coa Asociación de Redeiras Illa da Estrela de Corme.

Nesta edición Galicia vense a reivindicar como un destino de calidade, sostible, diferente e respetuoso.

## ❖ ENTREGA DO PREMIO EXECUTIVAS DE GALICIA 2023

No Museo Provincial de Pontevedra o pasado día 17 de xaneiro, Executivas de Galicia celebraba o acto de entrega do VIII PREMIO EXECUTIVAS DE GALICIA otorgado a Teresa Portela, deportista olímpica galega que pode presumir de ser a muller deportista española que participou en máis ocasións nuns Xogos Olímpicos, cun total de 6 edicións, acadando unha medalla de prata na última ocasión, en Tokio 2020.

A presidenta de EXECUTIVAS DE GALICIA, Carla Reyes celebrou a elección de Portela e destacou o seu papel como pioneira nun deporte como o piragüismo onde a presenza feminina foi historicamente subestimada.

O presidente de APE Galicia e a secretaria xeral da entidade participaron neste acto no que tamén estivo presente a Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, o presidente da Deputación de Pontevedra e numerosas personalidades do mundo do deporte.



Con este premio a asociación EXECUTIVAS DE GALICIA quere destacar a contribución da premiada ao empoderamento das mulleres no ámbito deportivo e ao mesmo tempo, facer un recoñecemento aos seus éxitos ao longo das tres décadas da súa carreira deportiva.

Desta forma Teresa Portela únese ás galardoadas en edicións anteriores, entre as que se atopan a bióloga Marisol Soengas, a CEO Adriana Dominguez, a comunicadora Silvia Jato, a científica África González, a pianista Isabel Dobarro e a cofundadora de Aceites Abril, María del Carmen Canal.

## ❖ ALMUERZO COLOQUIO CON ELENA RIVO EN CIRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA

O Círculo de Empresarios de Galicia organizou o pasado día 17 de xaneiro un almuerzo coloquio co título *“Os novos retos do mercado laboral: Unha oportunidade para Galicia”*, e na que a invitada foi Elena Rivo, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, acompañada pola delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz.

O presidente de APE Galicia foi tamén invitado ao almuerzo coloquio e durante o mesmo, a titular do departamento de Promoción do emprego falou das oportunidades que poden supoñer para Galicia os novos retos do mercado laboral. Centrou o seu discurso sobre todo en temas como a formación, o emprendemento, a economía social e a igualdade e das moitas posibilidades que ten Galicia nestas materias.

Indicando que Galicia debe estar preparada para se enfrentar á transición cara a un mercado mais sostible, dixitalizado e comprometido coa igualdade, en palabras da conselleira: “*contar coa diversidade de talentos é algo esencial para conseguir ese obxectivo*”.

#### ❖ ENTREGA DOS PREMIOS CIDADE DE PONTEVEDRA 2024

Con motivo da celebración do patrón de Pontevedra, San Sebastián, e como cada ano, o Concello de Pontevedra fixo entrega dos seus premios Cidade de Pontevedra concedidos neste caso, na modalidade de persoa física á futbolista Teresa Abelleira Dueñas, recente Campeona do Mundo de fútbol feminino e na modalidade de persoa xurídica a premiada foi para MATRIUSKA Producciones, empresa audiovisual local cunha amplísima traxectoria as súas costas e que coa película MATRIA estivo presente na Berlinale ou no Festival de Málaga e que esta nominada aos Goya.

APE Galicia foi invitada a este acto e estivo representada na persoa do seu presidente D. José Ramón Caldas, que acudiu o 20 de xaneiro ao Teatro Principal de Pontevedra para ser testemuña directa do mesmo.

#### ❖ PRESENTACIÓN DO PROGRAMA LIDERAMOS

O 29 de xaneiro no salón de actos da Delegación Territorial da Xunta de Galicia na Coruña tivo lugar a presentación do “PROGRAMA LIDERAMOS” que a Consellería de Promoción do

Emprego e Igualdade” ten posto en marcha para que mulleres da nosa comunidade poidan sumarse a este proxecto formativo que ten entre os seus obxectivos reforzar o liderado feminino e a competencia da xestión executiva en Galicia. Dirixido a mulleres das catro provincias galegas que teñan titulación universitaria ou FP de grao superior con centro de traballo en Galicia con algún cargo directivo e experiencia profesional ou empresarias en activo que xestionen equipos nunha pequena ou mediana empresa ou ben para alumnas que finalizaron o programa de liderado SON EXECUTIVA.

As interesadas poderán inscribirse na web [www.lideramos.gal](http://www.lideramos.gal)

Este acto en A Coruña ven a pechar os eventos presenciais que veñen celebrándose desde o mes de decembro nas capitais de provincia para presentar este ambicioso programa da Xunta para impulsar o talento e o liderado feminino e a xestión eficiente de equipos.

#### ❖ ACTO DE PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL – EGAES H27

O 31 de xaneiro na cooperativa Viña Costeira en Ribadavia, tivo lugar a *Presentación da Estratexia Galega de Economía Social* por parte da Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade. No acto estiveron invitadas as cooperativas da *Unión de Cooperativas EspazoCoop* e nel se presentaron os eixes estratéxicos e accións destacadas da estratexia EGAES H27 coa proxección dun vídeo e unha

mesa redonda co título “O presente e o futuro da Economía Social Galega”.



En representación de APE Galicia, estivo presente o presidente José Ramón Caldas, apoiando deste modo as entidades de economía social e dando mostra do arraigo que o cooperativismo ten na nosa terra contribuíndo á mellora do reparto territorial e ao fomento do emprego de calidade. Ademais, este é un modelo de xestión especialmente atractivo para as mulleres. En comparación con outras comunidades, os datos demostran que a brecha de xénero é cada vez menor.

Esta estratexia busca acadar en tres anos unha economía social cun marcado acento feminino e atractivo para as persoas mozas. Para iso, conta cun orzamento de casi 170 millóns, que busca mellorar as competencias das persoas e entidades que desenvolvan a actividade no cooperativismo e no resto de modelos da economía social.

## ❖ FORO EMPRESA: CHARLA DO SX DE APOIO AO EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Baixo o título *O fomento do emprego como ferramenta de cohesión social* e coincidindo coa celebración da Asamblea anual, o Foro Empresa Pontevedra organizou o 31 de xaneiro este acto ao que acudiu o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, e durante a cal presenciou a exposición do Secretario Xeral na que de maneira pormenorizada expuso as principais liñas de subvencións e axudas públicas para o apoio ao emprego, traballo autónomo e da economía social en Galicia.



## INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

### ❖ PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO E COTA CERO-2024

O DOG do 9 de xaneiro publicaba as bases reguladoras das axudas para a promoción do emprego autónomo en Galicia.

Este programa contempla dúas liñas de axudas dirixidas a persoas traballadoras autónomas de Galicia:

-LIÑA 1: Para o inicio da actividade económica e mantemento do emprego

-LIÑA 2: Axuda equivalente a 12 meses da cota cero reducida á Seguridade Social por continxencias comúns e profesionais.

Para poder beneficiarse desta axuda as persoas que o soliciten deberán estar inscritas como demandantes de emprego non ocupadas no servizo público de emprego e que entre o 30 de setembro de 2023 a 29 de setembro de 2024 causen alta definitiva no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade do colexio profesional.

Esta axuda poderá solicitarse desde o 16 de xaneiro e o 30 de setembro de 2024.

### ❖ O IGAPE ABRE A CONVOCATORIA PARA SOLICITAR PRÉSTAMOS DIRECTOS PARA O FINANCIAMENTO EMPRESARIAL EN GALICIA

O IGAPE abre o prazo para solicitar, en réxime de concorrencia competitiva, os préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia.

Para beneficiarse dos préstamos as empresas han de cumprir os seguintes requisitos:

- Realizar a actividade empresarial en Galicia
- Cumprir as condicións establecidas e que poden consultarse no anexo I das bases.

As actuacións a financiar han de estar vinculadas a unha actividade económica, ser viables e cumprir cos requisitos establecidos.

Serán financiáveis os investimentos e gastos que cumpran os requisitos das bases, realizados e pagados unha vez presentada a solicitude, e dentro do prazo concedido para a execución da actuación.

O prazo para solicitar este tipo de préstamos comezou o xaneiro e rematará o 29 de novembro de 2024.

### ❖ SUBVENCIÓN PARA ACCIÓNS FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN- 2ª CONVOCATORIA

Convócanse as axudas para dinanciar accións formativas con compromiso de contratación destinadas a cualificación profesional das persoas traballadoras desempregadas coa finalidade de adquirir e mellorar as competencias profesionais

PROGRAMA PARA A PROMOCION DO EMPREGO AUTÓNOMO E A COTA CERO - 2024	
Intensidade da axuda	
<b>Liña 1</b>	<b>2.000 €</b>
Contía base (non acumulables)	4.000 €
+	
Incremento (acumulables entre si)	+15% Contía base
<b>Contía máxima liña 1: 7.000 €</b>	
(*) Incremento non aplicable ás persoas maiores de 52 anos	
<b>Liña 2</b>	<b>960 €</b>
Axuda equivalente á contía de cota mensual reducida sufragada pola persoa beneficiaria multiplicada por 12	

necesarias para o desempeño dos postos de traballo obxecto da contratación.

O prazo para solicitar estas axudas van do 9 de xaneiro ata 30 de setembro do 2024.

#### ❖ AXUDAS Á APICULTURA

No DOG do 8 de xaneiro saen publicadas as bases reguladoras para a concesión de axudas á apicultura e se convocan para o exercicio 2024.

Estas axudas van dirixidas a persoas físicas e xurídicas titulares de explotacións apícolas e destinadas a mellora das condicións xerais de produción e comercialización de produtos apícolas.

O prazo para solicitar estas axudas está aberto ata o 8 de febreiro de 2024.

#### ❖ PROGRAMA PARA DISEÑO E IMPLEMENTACIÓN DE IP E ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA INSERCIÓN DE MULLERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Estas axudas publicadas no DOG nº 10 do 15 de xaneiro teñen como finalidade a financiación do desenvolvemento do programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na comunidade autónoma de Galicia.

Van destinadas a entidades sen ánimo de lucro.

Serán subvencionables os programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas para tratar de que estas mulleres logran unha recuperación integral coa

súa integración o reintegración ao mercado laboral.

O prazo para solicitar as axudas remata o 15 de febreiro de 2024.

#### ❖ SUBVENCÍONS PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA EN ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS

O 17 de xaneiro publicáronse no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de axudas para a mellora da infraestrutura turística de Galicia dirixida a persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos turísticos de aloxamento e restauración que reunindo os requisitos establecidos nas bases poderán subvencionar os investimentos netos e gastos de obra dos proxectos de mellora nos seus establecementos.

Establece como límite o investimento neto de 100.000€.

O prazo para solicitar estas axudas remata o 19 de febreiro de 2024.

#### ❖ SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL

Tamén durante este mes de xaneiro publicáronse as bases para solicitar as subvencións para a contratación de persoal técnico en tarefas de orientación laboral e dirixidas a entidades locais, confederacións e asociacións empresariais e as organizacións sindicais de Galicia así como a entidades sen ánimo de lucro.

Estas axudas poderán solicitarse ata o 19 de febreiro.



A contía desta axuda ascenderá a 28.000€ por cada persoa contratada como técnica de orientación laboral a tempo completo durante un período de 12 meses e a 31.000€ no caso de entidades sen ánimo de lucro que teñan entre as súas finalidades fundacionais e se adiquen prioritaria e habitualmente a actividades de atención a persoas con discapacidade.

En ambos casos a contía reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada.

### ❖ PLAN GALICIA EMPREGA

Co fin de favorecer a contratación de persoas desempregadas especialmente das que teñan maiores dificultades de inserción laboral, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pon en marcha uns incentivos mediante o PLAN GALICIA EMPREGA:

- Incentivos á contratación por conta allea, incluíndo 4 modalidades de axudas.
- Incentivos ás accións formativas no centro de traballo

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas empregadoras ou empresas, calquer que sexa a súa forma xurídica, entidades sen ánimo de lucro, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral que contraten persoas traballadoras entre o 30 de setembro de 2023 e o 29 de setembro de 2024

O prazo para presentar a solicitude para poder participar destas axudas vai do 26 de xaneiro ata o 29 de setembro de 2024.

**XUNTA DE GALICIA**  
**PLAN GALICIA EMPREGA**  
**INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN E Á FORMACIÓN - 2024**  
 Axuda para a contratación de persoas desempregadas na empresa ordinaria e entidades sen ánimo de lucro, especialmente das que teñan maiores dificultades de inserción laboral

Prazo aberto do 26 de xaneiro ao 30 de setembro de 2024

Orzamento 17.500.000 €

**Persoas beneficiarias**

→ Persoas empregadoras ou empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, entidades sen ánimo de lucro, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral que contraten persoas traballadoras entre o 30 de setembro de 2023 e o 29 de setembro de 2024 para centros de traballo radicados en Galicia.

Accións subvencionables	Colectivos a contratar
→ Contratacións indefinidas iniciais	→ Persoas mozas
→ Incremento de xornada de contratación indefinida, de tempo parcial a completo	→ Persoas paradas de longa duración
→ Incremento da duración anual dos contratos fixos discontinuos	→ Persoas de 52 anos ou máis
→ Adaptación dos postos de traballo para a persoa con discapacidade contratada	→ Persoas emigrantes retornadas ou estranxeiras
	→ Mulleres
	→ Persoas con discapacidade ou en risco de exclusión

**Requisitos da contratación**

→ Os contratos subvencionables deberán ser de duración indefinida\* e a tempo completo

\* Excepto persoas desempregadas con discapacidade ou en risco de exclusión (mínimo do 50% da xornada)

Máis información: [oficinadoautonomo.gal](https://oficinadoautonomo.gal) 012

As contratacións indefinidas de persoas desempregadas incentivarase con distintas contías segundo o colectivo ao que pertenza a persoa contratada:

Persoa moza: 6000€

Persoa parada de longa duración: 9000€

Persoa de 52 anos ou máis: 9000€

Persoa emigrante retornada ou persoa extranxeira: 9000€

Muller: 10000€

Persoa con discapacidade ou en risco de exclusión social: 14000€

Estas cantidades poden verse incrementadas en determinados supostos.

## ❖ BONO AUTÓNOMO

Un ano mais e co fin de impulsar a mellora da competitividade da actividade empresarial das persoas traballadoras autónomasponse en marcha o PROGRAMA BONO DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS.

Infografía do Programa Bono das Persoas Autónomas 2024. O gráfico mostra un orzamento de 8.000.000 € e un límite de axuda de 7.000 € por investimento. O prazo aberto é do 29 de xaneiro ao 30 de setembro de 2024. A axuda pode chegar ao 60% do investimento realizado.

**Orzamento 8.000.000 €**

**Axuda de 60% do investimento cun importe máximo de: 7.000 €**

**Prazo aberto do 29 de xaneiro ao 30 de setembro de 2024**

**Intensidade da axuda**

O gasto debe estar realizado e efectivamente pagado entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data de presentación da solicitude. Son subvencionables os seguintes tipos de investimentos:

- Compra de maquinaria
- Compra / instalación para a mellora da eficiencia enerxética
- Substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos
- Compra de utilidade e ferramentas
- Reforma do local do negocio
- Equipamento informático
- Equipamento de oficina / negocio
- Rótulos
- Aplicacións informáticas, webs, apps e redes sociais
- Deseño de marca

Máis información: [oficinadautonomo.gal](http://oficinadautonomo.gal) 012

Esta axuda pode alcanzar o 60% do investimento realizado cun límite máximo de 7000€ sempre que o gasto estea efectivamente pagado entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data de presentación da solicitude e sempre que se atope entre os gastos subvencionables establecidos nas bases: compra de maquinaria, compra ou instalación para mellora da eficiencia enerxética, reforma do local do negocio, equipamento informático, aplicacións informáticas entre outros....

Poden consultarse as bases no DOG do 22 de xaneiro ou na sede da Xunta de Galicia no procedemento TR341Q.

O prazo para presentar estas solicitudes abriu o 29 de xaneiro e remata o 30 de setembro de 2024.

Folleto de información do Programa Bono das Persoas Autónomas 2024. Contém información sobre a presentación da solicitude e documentación complementaria, as principais obrigas das persoas beneficiarias e a incompatibilidade da axuda.

**Presentación da solicitude e documentación complementaria**

- A solicitude e documentación complementaria debe presentarse obrigatoriamente por medios telemáticos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
- No momento da solicitude debe presentarse a factura ou facturas xa pagadas que identifiquen e xustifiquen as características e o custo do investimento realizado.
- Documentación xustificativa do volume de facturación e base imponible (IVE, IRPF, imposto sobre sociedades ou declaración informativa anual de entidades en atribución de rendas do ano 2022, segundo o caso).
- Acreditación de que a persoa autónoma societaria é socia da entidade que solicita a subvención cunha declaración de que ningunha outra persoa autónoma societaria solicitou a axuda, de ser o caso.
- Certificado da mutualidade do colexio profesional indicando os períodos de alta, de ser o caso.
- Relación de investimentos realizados (segundo o Anexo I).
- Certificado de situación censual (modelo 036 ou 037) no caso das persoas autónomas que tributen no réxime especial de recargo de equivalencia, en atribución de rendas ou cuxa actividade estea exenta de tributación do IVE.

**Principais obrigas das persoas beneficiarias**

As persoas beneficiarias es obriga a, entre outras:

- Manter a alta no RETA ou mutualidade durante un mínimo de 2 anos desde a data de solicitude da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ou de control que realicen os órganos competentes, tanto autonómicos, como estatais ou comunitarios.
- Dispor dos libros contables, rexistros ou documentos auditados esixidos pola lexislación mercantil ou sectorial.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Adoptar as medidas de difusión para dar publicidade ao financiamento público durante 12 meses, segundo o modelo de cartel dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Esta axuda é incompatible coas que outorguen as administracións públicas polos mesmos conceptos e gastos e, en concreto, coa axuda para a dixitalización e modernización de empresas comerciais e artesanais para o 2024 (CO300C).

## ❖ PROGRAMA NOVA OPORTUNIDADE

Esta modalidade de axudas que publica o DOG nº15 avi dirixida a todas aquelas persoas traballadoras autónomas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que cesaron a súa actividade e van volver emprender un negocio como persoas traballadoras autónomas e que teñan a condición de demandantes de emprego no momento previo á nova alta como persoa traballadora autónoma.

A finalidade desta axuda é facilitar a volta á actividade económica da persoa emprendedora a quen lle foi mal no seu anterior negocio pero ten a experiencia práctica e a iniciativa de volver emprender no mesmo ou en diferente sector.

A axuda do bono Nova oportunidade será dunha contía de 7.500 € dirixida ás persoas que cumpran os requisitos establecidas nas bases reguladoras do programa, contía que se incrementará en 500€ no caso de que a beneficiaria sexa unha muller.

O prazo para solicitar esta axuda comeza o 23 de xaneiro e estara aberto ata o 31 de outubro de 2024.

#### ❖ AXUDAS A CONCILIACIÓN DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pon en marcha unha serie de axudas para as persoas traballadoras autónomas ou por conta propia para conciliar vida laboral e familiar.

Estas axudas articúlanse en 3 liñas (compatibles entre si) con diferentes contías:

Contía dos apoios das tres liñas

**Bono autónomo Concilia I**

- Durante a duración indicada na comunicación da contratación, cun máximo de 8 meses no suposto de risco durante o embarazo: 1.100€ por mes completo / 8.800€ Importe máximo
- No caso de transformación do contrato de substitución en contrato indefinido unha vez rematado o período de descanso: 7.500€ / 9.000€ Para os colectivos

En ambos casos, para contratos a tempo parcial (prebeno 50%) ou inferiores a 1 mes, a contía será proporcional ao tempo efectivo de traballo.

**Bono autónomo Concilia II**

- Polo contrato indefinido realizado\* para o coidado de menores e/ou maiores e/ou persoas con discapacidade ou dependencia: 7.500€ / 9.000€ Para os colectivos

\*Para contratos a tempo parcial (prebeno 50%), a contía será proporcional ao tempo efectivo de traballo.

**Bono autónomo Concilia III**

- O 75% do custo\* do centro ou servizo de coidado contratado en centros empregados en Galicia: 3.000€ máximo

\*Realizado entre o 30/09/2023 e o 29/09/2024

Máis información: [oficinadautoonomo.gal](http://oficinadautoonomo.gal) 012

Mediante estas axudas permitirase que a persoa traballadora por conta propia obteña unha compensación para a contratación dunha persoa durante un período máximo dun ano para

favorecer a conciliación da súa vida persoal e laboral e facilitar deste xeito a consolidación do seu proxecto empresarial.

Nas súas distintas modalidades o Bono Concilia subvenciona desde a contratación para casos de risco no embarazo ou maternidade/ paternidade da persoa traballadora autónoma, así como a contratación indefinida que realice para o coidado de menores e/ou maiores e/ou perosas con discapacidade ou dependentes sempre que a persoa beneficiaria cumpra os requisitos establecidos na orde e tamén contempla a subvención do custo do centro ou servizo de coidado de menores maiores e/ou persoas con discapacidade ou dependencia.

O prazo para solicitar estas axudas esta aberto ata o 29 de setembro de 2024 e poden consultarse as bases na sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento TR341R)

#### ❖ BONO INNOVACIÓN PARA PEMES

Esta axuda publicada no DOG nº 15 de data 22 de xaneiro vai dirixida a pequenas e medianas empresas galegas cuxa actividade se enmarca ns prioridades estratéxicas RIS3.

Nestas axudas diferéncianse 3 tipos de bonos que se agrupan nas seguintes liñas:

- **Liña 1. Bonos para servizos de apoio á innovación**, para o financiamento das actividades destinadas á protección e xestión da innovación e vixilancia tecnolóxica, así como accións estratéxicas para desenvolver novos produtos, procesos e servizos.

- Liña 2. Bonos para xestión do financiamento da innovación, para a subvención dos custos de actividades de xestión, contratadas cos axentes da innovación, encamiñadas ao:

Tipo A. Tramitación de incentivos fiscais á I+D+i e bonificacións na Seguridade Social de persoal investigador.

Tipo B. Tramitación de novas solicitudes de financiamento a propostas de I+D+i en convocatorias de axudas estatais.

Cada unha das liñas que compoñen esta axuda vai dirixida ás seguintes entidades:

BONO	PERSOAS BENEFICIARIAS
LIÑA 1: Servizos de apoio á innovación Microempresas e pequenas empresas.	Entidades do terceiro sector de acción social con actividade económica e categoría de peme.
Liña 2. Xestión do financiamento da innovación	Microempresas, pequenas e medianas empresas. Entidades do terceiro sector de acción social con actividade económica e categoría de peme

As axudas concederanse en forma de subvención non reembolsable.

a) Na liña 1:

i. O investimento subvencionable será, como mínimo, de 15.000 € e dun máximo de 50.000 €.

ii. Os custos de protección de coñecemento terán, en todo caso, unha subvención máxima do 50 %.

b) Na liña 2, a subvención para cada bono será dun máximo de 5.000 €.

Estas axudas están promovidas pola Axencia Galega de Innovación e o prazo para solicitalas é dun mes a contar desde o 23 de xaneiro.

## ❖ BONO CONSOLIDA ECONOMÍA SOCIAL

O 24 de xaneiro o Diario Oficial de Galicia publicaba as bases reguladoras ds subvencións para o apoio á consolidación das entidades de economía social de Galicia.

Este programa ten como finalidade apoiar a consolidación das entidades a economía social, así como reforzar a súa presenza no tecido económico da nosa Comunidade Autónoma, con especial incidencia na transformación dixital e na mellora da eficiencia enerxética contrinuindo deste xeito ao impulso da sua actividade económica, incrementando a súa competitividade e mantendo empregos de calidade.

Esta axuda vai dirixida a sociedades cooperativas, laborais, empresas de inserción e os centros de emprego que cumpra os requisitos establecidos nas bases.

Entre os conceptos subvencionables atópanse os equipamentos informáticos, adquisición e desenvolvemento de software e páxinas web e de equipamento, reforma do centro de traballo, obtención de certificado de calidade, elementos de transporte, etc

A contía da axuda será do 90% do custo total dos gastos subvencionables cos límites establecidos nas bases reguladoras para cada un dos conceptos subvencionables sendo o límite maximo total de 30.000€ por cada entidade solicitante.

As solicitudes poderán presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia desde o 25 de xaneiro ata o 25 de marzo de 2024.

## ❖ AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA E A FORMACIÓN

A publicación destas axudas no DOG ten data do 29 de xaneiro, van dirixidas a persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia pola primeira, segunda e terceira contratación realizada con carácter indefinido.

A finalidade destas axudas é promover a consolidación do emprego autónomo e favorecer a creación de novos empregos estables para tratar de acadar o crecemento de pequenas unidades produtivas con potencialidade para crear emprego.

Dentro deste programa contémpanse dous tipos de axudas compatibles entre sí:

**BONO CONTRATACIÓN:** proporciona unha subvención para a contratación indefinida inicial de persoas desempregadas realizadas por persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio fiscal en Galicia

**BONO FORMACIÓN:** que ten carácter opcional e proporciona unha subvención ás persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia que leven a cabo accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras cuxos contratos se subvencionan por medio deste programa, co obxecto de mellorar coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.

As persoas beneficiarias finais serán persoas desempregadas definidas como aquelas inscritas como demandantes de emprego no Servizo de Emprego de Galicia e que careza de ocupación

segundo o informe de vida laboral da Tesourería da Seguridade Social.

O programa contempla unha serie de incentivos ás contías iniciais e uns incrementos se a persoa contratada se encadra en algún dos colectivos establecidos nass bases reguladoras, establecendo unhas contías máximas de 14.400 euros para a primeira persoa traballadora indefinida e 17.600 para a segunda e terceira persoa traballadora indefinida.

Respeto ao BONO FORMACIÓN establécese un incentivo de 4000€ por cada persoa traballadora cuxo contrato se subvencione por medio do bono contratación e cumpran os requisitos establecidos na orde, que poden consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia no procedemento TR349F.

O prazo para solicitar estas axudas abre no mes de febreiro, concretamente o día 5 e extenderase ata o 29 de setembro do 2024.

## APE GALICIA - FORMACIÓN

### ❖ APE GALICIA CONTINUA A IMPARTIR OS CERTIFICADOS PROFESIONAIS DE XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA E DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACÉNS

Na sede principal de APE Galicia en Pontevedra continúa a impartición dos certificados profesionais postos en marcha dentro da programación de formación para persoas desempregadas.

O curso encamiñado á obtención do Certificado Profesional de *Xestión de Chamadas de Teleasistencia* entra na súa recta final co comezo do módulo de prácticas en diferentes empresas da zona onde os alumnos e alumnas poñen en práctica os coñecementos adquiridos durante estes meses.

O certificado profesional deu comezo o 6 de novembro en horario de 9 a 14 horas, con 15 persoas inscritas.

Durante as 230 horas dos módulos formativos, as persoas asistentes adquiriron os coñecementos precisos para poder atender e xestionar chamadas entrantes e saíntes nun servicio de teleasistencia así como manexar as ferramentas, técnicas e habilidades para a prestación do servicio.

Unha vez rematen as 80 horas de duración do módulo de prácticas nas diferentes empresas e entidades os alumnos que superen con éxito

todos os módulos cursados, obterán o certificado profesional nivel 2 correspondente.

Por outra banda, en horario de 15 a 20 horas tamén na aula de formación de APE Galicia en Pontevedra vense a impartir, outro ano máis, o Certificado profesional de *Organización e Xestión de Almacéns* no que os alumnos e alumnas veñen adquirindo os coñecementos precisos para organizar e controlar as operacións e fluxos de mercadorías dun almacén de acordo cos procedementos establecidos e a normativa vixente, a asegurando a calidade e optimización da cadea loxística.

Este certificado ten unha duración de 310 horas máis as 80 horas de prácticas profesionais non laborais que terán que realizar ao finalizar os módulos teóricos.

Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



[https://www.instagram.com/ape\\_galicia/](https://www.instagram.com/ape_galicia/)

# APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

[info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

Dirección: Gajos de  
Mendoza N<sup>o</sup>2, Bajo 2 -  
36001 Pontevedra

